

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003224	IES Fernando Blanco	Cee	2025/2026

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	7
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	7
c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria	7
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	8
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	9
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	9
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	12
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	13
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	14
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	18
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	19
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	20
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	20
o) Outros apartados	20

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA

Os obxectivos xerais da ESO veñen descritos no DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes obxectivos serían os logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave. Están recollidos nas programacións dos departamentos didácticos asociados debidamente a cada materia contribuíndo estas na súa consecución. Por outra parte, dende o IES Fernando Blanco, a través dos seus proxectos, actuacións e iniciativas adecuaremos estes obxectivos á realidade do centro coa finalidade de acadalos satisfactoriamente.

A educación secundaria obrigatoria contribuírá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. (participación na elección de delegados, no consello escolar...)

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. A través das sesións de tutoría, departamento de orientación, actuacións de xefatura de estudos, equipo de convivencia e programas de educación emocional contribuírase a acadar estes obxectivos de xeito eficaz.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes. Obradoiros sobre sexualidade reforzan a consecución deste obxectivo. Da mesma maneira, o centro participa en diversas iniciativas, concursos e certames que axudan a concienciar sobre a igualdade.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

O centro desenvolve actividades que favorecen o crecemento emocional, intelectual e social promovendo a mellora da convivencia. Solicitamos a participación no PIE, na liña de reforzo da inclusión educativa e tamén a mellora da convivencia. Así mesmo, o Equipo de Convivencia colabora activamente na resolución pacífica de conflitos formándose en mediación alumnado e profesorado para lograr a constitución dun equipo de mediación. Igualmente actividades como a olimpiada cultural "O saber ten premio", o grupo de teatro Tuéjele ou o "Almorzo Saudable" fortalecen as capacidades afectivas. Este curso iniciouse coa realización de actividades para promover o coñecemento e a cohesión dos grupos, ademais de charlas, debates promovendo a inclusión de todo o alumnado así como o benestar emocional e unha boa convivencia.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

O centro forma parte do proxecto Edixgal a través do que se fomenta un uso responsable das ferramentas tecnolóxicas. O desenvolvemento do Plan dixital colabora directamente na adquisición deste obxectivo. O equipo directivo contribúe a este obxectivo solicitando aqueles programas que ofrece a Consellería "Iniciación segura á pegada dixital", "Navega con rumbo"...

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia. O club de ciencia fomenta o coñecemento científico a través das súas actividades. O alumnado participa activamente no club de ciencia aprendendo métodos científicos a través de xogos e traballo colaborativo. A celebración do Día da ciencia na rúa recolle o traballo na prol do coñecemento científico compartíndoo con outros centros. Actividade consolidada organizada polo noso centro.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. O desenvolvemento das actividades de educación responsable, do plan de benestar emocional así como outras

actividades do dptos colaboran na consecución deste obxectivo.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

As actividades de fomento da lectura programadas dende a biblioteca, o club de lectura, radio na biblioteca, concursos de microrrelatos organizados polo ENDL, biblioteca e o concurso ROSA ROSAE organizado polo dpto de Latín e Grego, así como a Olimpiada cultural "O saber ten premio" impulsan o logro deste obxectivo. O centro continuará participando no programa Innova-Lab na modalidade de Leo-Lab.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

O centro conta co Programa CUALE, que acolle a alumnado do centro e da contorna e que serve para potenciar a lingua inglesa e como pasarela para a EOI. Cada curso escolar solícitase a presenza dunha persoa auxiliar de conversa en lingua inglesa. O departamento de francés desenvolve actividades co alumnado na procura da mellora da lingua francesa.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

O propio edificio histórico construído no século XIX supón unha referencia constante ao valor do patrimonio cultural, histórico e artístico de Galicia; o que redonda nunha sensibilidade cara a conservación do mesmo. O programa de "Visitas ao museo" incide directamente neste obxectivo. Este curso elixiuse a modalidade de Art-lab dentro do programa Innova-lab, onde dende unha visión multidisciplinar traballárase o teatro facendo a súa estrea na III Semana das Artes Escénicas do centro, o deseño/ realización de varios proxectos o Nadal, o Entroido, os Maíos...

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora. A actividade do Almorzo Saudable, o programa de Proxecto de vida activa activa e deportiva pertencente o Plan Proxecta +, así como actividades concretas de educación responsable colaboran na adquisición deste obxectivo.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Obradoiros de creación artística, así como a dinamización das actividades realizadas nos dptos de debuxo, música, o grupo de teatro en colaboración con outros dptos. fomentan a creatividade.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

As actividades organizadas polo ENDL, as obras do grupo de teatro, lecturas dramatizadas do Samaín ou mesmamente a actividade da Olimpiada cultural fomentan a adquisición dos dous obxectivos anteriores. A participación do centro no proxecto "Falemos galego", froito da colaboración cos centros da contorna, fomentará o uso do galego entre o alumnado.

BACHARELATO

Os obxectivos xerais de bacharelato veñen descritos no DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes obxectivos serían os logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

Estes obxectivos están recollidos nas programacións dos departamentos didácticos asociados debidamente a cada materia. Dada a natureza do centro, varios dos obxectivos xerais vense reforzados a través de diversos proxectos e iniciativas propias do centro. Debaixo de cada obxectivo achéganse diversas actuacións do centro que axudan á súa consecución.

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

- Obradoiros e charlas dos diversos departamentos.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

Actividades, intervencións e formación en Educación Emocional. O Dpto. de Orientación organiza obradoiros para traballar estes contidos transvesais con entidades locais e provinciais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Participación en concursos e iniciativas que favorezan a concenciación sobre igualdade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Actividades da biblioteca, club de lectura, radio na biblioteca, e a participación no saber ten premio fomenta estes hábitos xa que os pon en valor.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

Actividades dos departamentos, olimpiada cultural e grupo de teatro.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

Os Dptos. de linguas estranxeiras visualizarán películas e obras de teatro en versión orixinal, e conmemorarán as datas sinaladas na cultura propia do idioma. No Dpto. de Francés realizará a semana da Francophonie e o Dpto. de Inglés conta con un auxiliar de conversa e participará nas actividades de inmersión lingüística convocadas pola Consellería.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

Desenvolvemento do plan dixital.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

Obradoiros dos departamentos e outras actividades.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

Club de ciencia e actividades dos departamentos.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

Club de ciencia e actividades dos departamentos. Actividades organizadas por diferentes asociacións ás que acode o centro cando o convidan.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. Olimpiada cultural, grupo de teatro e actividades organizadas polo centro.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

Concursos literarios organizados polo ENDL, biblioteca, radio na biblioteca e actividades dos departamentos.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social. Multitude de actividades complementarias e extraescolares axudan a adquisición deste obxectivo.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

Hábitos saudables, almorzo saudable, saídas á contorna, viaxe á neve. Todos estes aspectos ou actividades contribúen na adquisición dos dous obxectivos anteriores.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

Obradoiros e actividades do centro, almorzo saudable e club de ciencia.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Saídas didácticas e culturais, charlas organizadas polo centro e os departamentos colaboran na consecución deste obxectivo.

Principios xerais do sistema de Formación Profesional, establecidos no artigo 3 da Ley Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración de la Formación Profesional.

Artigo 3. Principios xerais

1. O Sistema de Formación Profesional desenvólvese conforme aos principios de:

a) Desenvolvemento persoal e profesional da persoa, mellora continua da súa cualificación profesional ao longo da vida.

b) Satisfacción das necesidades formativas das persoas en idade laboral que son de alto valor para o sistema produtivo e o emprego, fortalecemento económico do país e do seu tecido produtivo, con especial atención as necesidades específicas das contornas rurais e das zonas en declive demográfico, e o posicionamento das empresas no mercado.

c) Promoción e formación profesional no traballo, incluída a dirixida á adaptación das modificacións operadas no posto de traballo, así como o desenvolvemento de plans e accións formativas tendentes a favorecer a empregabilidade, de acordo co artigo 4.2 b) do Estatuto dos Traballadores.

d) Garantía a todas as persoas, en condicións de equidade e igualdade, dunha formación profesional de calidade en diferentes modalidades e unha cualificación e recualificación permanentes con arranxo a itinerarios diversificados, satisfacendo as súas necesidades formativas a medida que se producen e atendendo ás circunstancias persoais, sociais e laborais.

e) Flexibilidade e modularidade de ofertas de formación acreditables e acumulables nun continuo de formación conducente a diversos niveis de acreditacións, certificados e titulacións.

f) Permeabilidade con outras etapas e ensinanzas do sistema educativo, facilitando o tránsito entre elas e a formación profesional.

g) Participación das empresas e dos axentes económicos e sociais no deseño, desenvolvemento, avaliación e innovación da formación profesional, asegurando o circuito de transferencia de coñecemento formación-empresa e o interese público.

h) Centralidade da persoa, potenciando o máximo desenvolvemento, das súas capacidades, promovendo a súa participación activa, o desenvolvemento das súas habilidades interpersoais e contribuíndo a superar toda discriminación por razón de nacemento, orixe nacional ou étnica, sexo, discapacidade, vulnerabilidade social ou laboral, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

i) Transparencia, calidade, accesibilidade, igualdade efectiva de trato e de oportunidades entre as persoas, equidade e inclusión.

l) Eliminación dos estereotipos profesionais e sesgos de xénero nas opcións formativas profesionais.

m) Orientación profesional como elemento de acompañamento para incentivar a identificación e uso das oportunidades formativas nos itinerarios formativos e profesionais, así como nas múltiples transición ao longo da vida.

n) Actualización permanente, adaptación áxil e detección proactiva e anticipatoria dos cambios e necesidades emerxentes nos sectores produtivos, en particular os asociados á dixitalización, a transición ecolóxica, a sostenibilidade ambiental, a innovación territorial, a saúde e a atención as persoas.

ñ) Fomento da innovación, a investigación aplicada e o emprendemento como eixos da formación profesional.

o) Recoñecemento e acreditación de competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, o voluntariado ou outras vías non formais ou informais.

p) Conxerencia cos sistemas de formación profesional da Unión Europea e terceiros países, favorecendo a internacionalización e mobilidade transnacional.

q) Calidade, eficacia, eficiencia, coordinación e transparencia na xestión dos recursos públicos e na avaliación dos resultados.

r) Planificación e axuste da oferta formativa conforme á prospección das necesidades do sistema a curto, medio e longo prazo.

s) Suficiencia e adaptación da oferta pública ás necesidades e demandas dos sectores produtivos.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Como é preceptivo, xa nas programacións didácticas dos departamentos consta a contribución de cada materia ás competencias clave.

As competencias clave, ademais de formar parte do currículo orientan a que o alumnado aprenda eficazmente de maneira cada vez máis autosuficiente, cooperen e interactúen coa xente da súa ao redor, participen dun modo activo, responsable e cívico no desenvolvemento da sociedade, identifiquen as oportunidades e utilicen os coñecementos adquiridos para idear procesos que contribúan a alcanzar obxectivos, a ter unha actitude crítica, positiva, respectuosa e aberta ao diálogo. Para axudar a que o alumnado aprenda desta forma o centro participa en diferentes liñas ou modalidades de diferentes programas que axudan a desenvolver as competencias como por exemplo: o club de lectura e de ciencia, a radio na biblioteca ; en Innovalab participamos con Leo-lab e Art-lab ;no Plan Proxecta + no Proxecto de vida activa e deportiva ;no PIE traballaremos a modalidade de reforzo da inclusión educativa e a mellora da convivencia, en Eduemprende e todas as actividades complementarias e extraescolares contribúen á adquisición das competencias clave.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

O centro educativo, a través das súas actuacións, así como o profesorado na práctica docente fomentará o tratamento dos elementos transversais en tódalas materias, ámbitos ou módulos. Trataranse como mínimo os seguintes elementos:

- Traballarase en tódalas materias, ámbitos e módulos, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade.
- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas que supoñan unha discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria

Criterios de organización e decisións para cada etapa educativa e/ou cursos e/ou áreas/materias/ámbitos

A lectura é unha poderosa ferramenta que promove o enriquecemento léxico, a súa práctica favorece a comprensión, polo que mellora o rendemento académico en todas as áreas. Dada a súa importancia no centro facemos un esforzo por introducila especialmente nos primeiros cursos da ESO. Fomento do club de lectura e da radio na biblioteca . Tanto en 1º coma en 2º faremos unha aposta por desenvolver tempos de lectura/ oratoria. Un trazo distintivo na práctica da lectura e a oratoria no IES Fernando Blanco é a preparación por parte dun profesional especialista neste eido do alumnado que concursa na fase final da Olimpiada Cultural, concurso de preguntas interdisciplinares (ESO, BAC e CICLOS) propio do centro que se leva desenvolvendo dende fai anos.

Estratexias para a organización, coordinación e mediación do "Tempo de lectura"

Os contidos das diferentes materias son diversos polo que hai áreas que dan moito pé a un espazo de lectura e outras pola contra o ser máis prácticas o tempo a lectura estaría máis reducido (como Educación Física ou Educación Plástica). A isto engadir que non todas as materias contan coa mesma carga lectiva, polo que as que teñen maior carga terían maior posibilidade de asumir este tempo de lectura e oratoria. No que respecta a temporalización seguiremos estes tempos de lectura: 1º e 2º ESO Lingua Castelá, Lingua Galega e Xeografía e Historia 30 minutos semanais na aula. Na hora de Tutoría 15 minutos. No que respecta á oratoria as materias de Lingua Castelá, Lingua

Galega, Inglés e Proxecto competencial/ Relixión dedicarán 15 minutos semanais. 3º e 4º ESO, o tempo de lectura e oratoria sería de 15 minutos nas mesmas materias citadas en 1º e 2º ESO. No caso das materias do ámbito lingüístico da ESO subliñar que hai unha lectura avaliable por cada trimestre. En 1º e 2º BAC o tempo de lectura céntrase nas lecturas propostas polos diferentes departamentos didácticos. En 2º BAC a elección destas lecturas verase condicionada polas indicacións feitas polas distintos grupos de traballo da CIUG

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

No IES Fernando Blanco tenderase a usar unha metodoloxía propia dunha aprendizaxe competencial orientada , procurará ser activa e contextualizada co obxectivo de facilitar a participación e implicación do alumnado. Tenderá a ser tamén unha metodoloxía na que se inclúa a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas, para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

Ademais, as metodoloxías seleccionadas, deben axustarse ó nivel competencial inicial dos rapaces e rapazas, sendo necesario secuenciar a ensinanza de maneira que parta das aprendizaxes máis sinxelas para avanzar gradualmente cara outras máis complexas.

Un dos elementos clave de todo este proceso competencial é espertar e manter a motivación cara a aprendizaxe , o que implica un novo plantexamento do papel do alumnado, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Os métodos docentes deben favorecer a motivación por aprender e, a tal fin, o profesorado será capaz de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes e valores presentes nas competencias. Para conseguir este obxectivo, usaranse metodoloxías activas e contextualizadas, que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso dos coñecementos en situacións reais, xerando aprendizaxes transferibles e duradeiros.

Para un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial , as estratexias interactivas son as máis axeitadas, ó permitir compartir e construír o coñecemento. Para favorecer a participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional, favorecendo o desenvolvemento das competencias, a motivación e a transferencia dos coñecementos, é necesario empregar metodoloxías baseadas na aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe centrada en problemas.

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados ós distintos niveis e diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxectivo de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxe, potenciando o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das TICS no proceso de ensinanza-aprendizaxe que permitan o acceso a recursos virtuais. Nos grupos da ESO a participación en EDIXGAL é fundamental para o uso dunha metodoloxía invertida ou cooperativa.

Será prioritario que o alumnado sexa competente no uso da internet, como fonte de contido, localizando e filtrando a información, cos criterios axeitados, validando, empregando e construíndo sobre ela, e compartindo.

Finalmente, é importante sinalar a conveniencia dunha coordinación entre o profesorado sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas a empregar, plantexándose unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados, permitindo abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara unha construción colaborativa do coñecemento.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

En relación ao alumnado os materiais e recursos didácticos serán variados e estarán en concordancia coa idade e nivel do alumnado. Fomentarase tanto os recursos tradicionais como libros de texto, fotocopias, cadernos, libros de consulta, así como os materiais en soporte dixital. Nos grupos da ESO contan con ordenador individual ao formar parte do programa EDIXGAL, que neste curso planteouse como un modelo híbrido, facilitando dous libros as familias co Fondo libros, as materias destes libros son Lingua Galega e Lingua Castelá. Considérase que co uso do ordenador a aprendizaxe pode ser máis dinámica, e mellorar así, a actitude e o traballo na materia. Calquera outra materia pode facer uso deses ordenadores.

A aula virtual moodle do centro úsase como soporte dixital para compartir recursos e promover actividades.

O centro conta con paneis dixitais case na totalidade das aulas. Ademais contamos con tres aulas de informática. Varios departamentos contan tamén con tabletas dixitalizadores Wacom para explicacións a través da pizarra open board.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Na ESO ofértanse todas as materias optativas que se recollen no DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. O alumnado poderá elixir entre as materias ofertadas e unha vez recollidos os datos estableceranse itinerarios que recollan a súa elección en maior medida. Actualmente existe unha única liña da ESO aínda que como os grupos son bastante numerosos conséguense elaborar itinerarios según as necesidades do alumnado, sobre todo en 4º ESO, pois nos outros cursos a optatividade unicamente afecta a unha materia que se elixe entre todas as ofertadas.

En relación á hora de libre designación como sesión a maiores nas materias da ESO é a CCP de finais de curso quen decide, según as necesidades do alumnado e a carga horaria dos departamentos a adxudicación desas horas en 1º e 2º ESO.

Este curso a materia de Música e Inglés son as que contan con unha sesión a maiores en 2º ESO, estando asignadas en 1º ESO ás materias de Inglés e Educación física.

No grupo de 3º ESO, ao ser tan numeroso, desdoblouse na medida do posible algunha materia. Este curso os desdobres desenvólvense entre Matemáticas con E. Física e Bioloxía e tamén Música con Plástica. Os criterios de desdobre dependen da dispoñibilidade do departamento e dos espazos onde se desenvolven as clases.

No bacharelato ofértanse as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias sociais. O centro conta con tres grupos de 1º bach e dous de 2º, onde se distribúe o alumnado das diferentes modalidades. Ofertan todas as optativas que prevé o DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez recollidos os datos establécese a oferta definitiva atendendo maioritariamente as peticións do alumnado.

No caso de bacharelato, cos datos recollidos elabóranse itinerarios que cumplan as peticións do alumnado.

En relación á materia de TIC, a comisión de coordinación pedagóxica elabora uns criterios por se o alumnado que solicita a materia é maior ca a capacidade das dúas aulas de informática dispoñibles para esa materia. O criterio, se fose necesario exercer o baremo, é a nota do expediente de 4º ESO ou 1º bacharelato. Recóllese tamén na acta da CCP que se lle permitirá a matrícula ao alumnado repetidor que aprobase a materia e entrarán no criterio anterior os que non superasen a materia e deban repetir.

En relación á Formación Profesional, dentro da nosa oferta educativa figuran numerosos perfís de diferentes familias profesionais:

- Administración e Xestión. Ciclo medio de Xestión administrativa. Ciclo superior de Administración e finanzas.
- Electricidade e Electrónica. Ciclo básico de Electricidade e Electrónica. Ciclo medio de Instalacións eléctricas e automáticas. Ciclo Superior de Automatización e Robótica Industrial dual.
- Fabricación Mecánica: Ciclo Medio Soldadura e Caldeiraría modalidade Dual.
- Instalación e Mantemento. Ciclo Medio Mantemento Electromecánico e a nova implantación este curso do Ciclo Superior de Mecatrónica Industrial Dual
- Transporte e Mantemento de Vehículos. Ciclo básico Mantemento de vehículos. Ciclo Medio electromecánico de vehículos e automóviles.

Ademais da ESO, Bacharelato e ciclos formativos, o centro acolle as ensinanzas para persoas adultas, coa seguinte oferta: EIPA I e II, Módulos I, II, III e IV de ESPA, Dixitalización para adultos e as Ensinanzas non regradas (castelán e galego para persoas migrantes).

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias e extraescolares contribúen a unha formación integral de todos os alumnos e alumnas. Permiten a participación da comunidade educativa, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación, a cooperación, o respecto ás opinións dos demais, e asunción de responsabilidades. Cómpre, pois, que todo o profesorado contribúa á súa promoción e organización.

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades que se realizan co alumnado en horario lectivo e que teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos empregados (visitas, traballo de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes).

Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc. se realizan fóra do horario lectivo.

Obxectivos

1. Completar e servir como complemento á formación académica de "aula" nos Deseños Curriculares das distintas áreas académicas
2. Constituír un elemento didáctico altamente motivador para o alumno por desenvolverse nun medio distinto ao

habitual, que posibilita a adquisición, dun xeito máis rápido e eficaz, dos distintos obxectivos didácticos programados

3. Desenvolver de xeito especial obxectivos relacionados co bloque das actitudes valores e normas, tentando fomentar e consolidar hábitos especialmente relacionados coa participación, cooperación, compromiso, capacidade de organización, e en xeral unha actitude crítica e reflexiva por parte do alumnado.

4. Aumentar a práctica deportiva e cultural e valorar estas como un medio de aprendizaxe motriz, de calidade de vida e de ocupación do seu tempo de lecer.

5. Crear ou consolidar hábitos de participación e traballo en equipo por parte do profesorado.

6. Desenvolver as capacidades humanas e os valores de solidariedade e colaboración social referentes ao equilibrio persoal, ás relacións cos demais e á inserción social a través da planificación e participación en tarefas transversais e interdisciplinares.

7. Participar na contribución ao desenvolvemento cultural da contorna comarcal a través de programas de colaboración coas institucións e entidades locais.

Organización

O Departamento de actividades complementarias e extraescolares será o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Os departamentos incluírán nas correspondentes programacións didácticas a relación de actividades complementarias e extraescolares que levarán a cabo ao longo do curso e estas figurarán na Programación Xeral Anual. Cando xurdan actividades imprevistas presentaranse ante o Departamento de actividades complementarias e extraescolares para que este as remita ao Consello Escolar para a súa aprobación, sinalando: orzamento, número de alumnos, curso/s, grupo/s e horario. O Departamento de actividades complementarias e extraescolares coordinado por Vicedirección e xefes e xefas de departamento e coordinadores de equipos, axudará na planificación e dinamización deste tipo de actividades. Será tamén fundamental a implicación da ANPA no deseño, planificación e organización de actividades, dentro dun concepto educativo colaborativo e transversal.

- Coa finalidade de realizar unha planificación máis rigorosa das actividades complementarias e extraescolares, estas deberán distribuírse ao longo do curso escolar e deberán estar recollidas na Programación Xeral Anual. Excepcionalmente poden incorporarse actividades sobrevindas coa aprobación do equipo directivo e dando conta ao Consello Escolar e á Inspección Educativa.

- Os/as profesores/as ou departamentos que organicen a actividade faranse cargo da súa completa organización, contando coa axuda e coordinación da vicedirección.

- Preténdese acadar un equilibrio cronolóxico na secuenciación destas actividades, evitando concentrar excesivas actividades no terceiro trimestre do curso académico como acontece xeralmente. Con carácter xeral, as actividades desenvolveranse ata o 1 de marzo para 2º de Ciclos Medio e Superior e 1 de abril para 2º de bacharelato.

- Na organización e desenvolvemento terán prioridade aquelas actividades con carácter transversal ou interdisciplinar, para acadar unha maior riqueza e variedade de contidos curriculares.

- As actividades realizadas fóra do centro requiren da autorización escrita do pai, nai ou titor/a legal, no caso de alumnado que estea baixo a súa tutela. Ningún/ha alumno/a, poderá participar nunha actividade sen a correspondente autorización asinada por eles (ANEXO 17 das NOFC para ESO e BAC). Seguindo as instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de FP para o curso 25-26, a xestión das autorizacións das actividades complementarias e extraescolares do alumnado desta etapa, farase a través da plataforma Abalar. As familias recibirán unha notificación cos datos da actividade e responderán SI ou NON á pregunta AUTORIZO?

- Todo o alumnado debe atender ás normas de convivencia vixentes e poderá ser sancionado atendendo as normas de convivencia, ao tratarse de actividades incluídas na P.X.A. aprobada polo Consello Escolar. Esta información incluírase na autorización anterior e, por iso, o alumnado maior de idade tamén debe asinala comprometéndose a cumprir as normas.

- O alumnado será privado das actividades se hai resolución emitida polo/a Director/a.

- O alumnado que non participe nestas actividades acudirá normalmente ao centro e será atendido polo profesorado correspondente, o cal impartirá clase da súa materia ou módulo. Se este profesorado tamén participa na actividade, deixará tarefas para os alumnos que non asistan á actividade. .

- Para as actividades dentro dos concellos de Cee e Corcubión que non requiran de transporte escolar, asinarase unha autorización válida para un curso escolar (ANEXO 18 das NOFC). Malia iso enviaráselles unha comunicación escrita ás familias na que se lles informará do horario, lugar e tipo de actividade ao que vai acudir o alumno.

- Para a organización de actividades que se realizan nun único día terase en conta o seguinte:

O alumnado pagará unha cantidade módica, regulada polo Consello Escolar, para garantir a asistencia de toda a clase. A cantidade aportarase coa solicitude de autorización.

O alumnado irá acompañado por profesorado nunha proporción mínima de un/unha acompañante por cada 20 alumnos/as, aínda que como mínimo irán sempre dous acompañantes. Ademais de profesorado, poderá ir como

acompañante persoal non docente e/ou pais/nais se o Consello Escolar o autoriza e só no caso de que non se cumpra a ratio de profesorado. Todos serán corresponsables do alumnado participante na actividade.

Se a actividade remata antes de que o faga a xornada lectiva, o alumnado regresará ao centro para continuar coas actividades escolares ata a hora de saída.

Corresponde ó/a vicedirector/a aceptar cambios de opinión do alumnado no referente a realizar ou non a actividade, sempre que se cumpran os puntos anteriores.

Procederase á devolución do importe adiantado avisando, polo menos, 2 días antes da actividade e sempre que este feito non prexudique ao resto do alumnado e ao centro.

Procederase a devolución do importe adiantado para a realización da actividade se a ausencia do alumno/a na actividade se xustifica documentalmente. As xustificacións válidas son as recollidas no apartado “Ausencias” das Normas de Organización, Funcionamento e convivencia do Centro .

Para a organización de viaxes de máis de un día terase en conta o seguinte: -

- Asinaranse as autorizacións e achegaranse os cartos cando o/a organizador/a o indique. A partir deste momento, non se devolverán os cartos se a organización indica que é un quebranto para o resto de viaxantes.

- Nas viaxes organizadas polos departamentos didácticos nas que sexa necesario facer reunións cos pais e nais será o profesor responsable o que se encargue de facelas. -

- No caso de vendas de produtos coa finalidade de recadar fondos para abaratar unha viaxe organizada polo IES Fernando Blanco na súa totalidade ou en colaboración con outros centros, o procedemento será o seguinte:

O alumnado terá un prazo para realizar as vendas e ingresar o importe obtido nunha conta específica para ese fin, indicando no concepto o nome de quen vendeu, ou para devolver os produtos non vendidos. -

Dado que o número de participantes incide no custo final da viaxe, as baixas repercuten negativamente no grupo. Neste caso, e de non ser unha baixa por causa maior xustificada debidamente ante a Dirección do centro, perderíase o dereito a reintegro ningún. No caso de que a viaxe non se vise afectada pola baixa dunha persoa, nin en custo nin en viabilidade, devolveríase a contía aportada até ese momento, máis en ningún caso o recadado coas vendas ou actividades organizadas a tal fin. -

A recadación das vendas ou actividades organizadas para o financiamento dunha viaxe destinarase integramente ao pago da mesma aínda que o alumnado que as vendeu non poida acudir.

Protocolo de actuación na realización de actividades complementarias e extraescolares:

O protocolo para organizar as actividades complementarias dentro do centro é o seguinte:

1. O profesorado responsable informa á vicedirección da intención de levar a cabo unha actividade. Informarase coa maior antelación posible (meses) para evitar coincidencias con outras actividades e/ou exames. Indicarase data e lugar de realización e grupos participantes, así como a duración estimada.

2. A vicedirectora, oído o Xefe de Estudos, publicará a actividade na listaxe de “Previsión de Actividades Complementarias/Extraescolares” situada no taboleiro do profesorado, para que este poida adaptar as súas clases. Do mesmo xeito, informarase ao profesorado a través do correo electrónico.

3. O profesorado responsable, no caso de usar o salón de actos ou calquera outro espazo, apuntarase na axenda correspondente, para que non haxa interferencias con outras actividades que alí se leven a cabo, revisando previamente o funcionamento dos recursos técnicos...

4. A vicedirectora, cando se achegue a data da actividade, porá no taboleiro do profesorado unha comunicación escrita na que figure a data, horario, lugar, grupos e profesorado acompañante. Do mesmo xeito, informarase ao profesorado a través do correo electrónico. Ningún profesor/a que non figure na devandita comunicación poderá acudir voluntariamente con ningún grupo.

5. O profesorado que acompaña aos alumnos e alumnas a unha actividade, debe permanecer no lugar onde esta se desenvolva durante o tempo que lle sexa asignado.

O protocolo para organizar as actividades complementarias e extraescolares fóra do centro é o seguinte:

1. O profesorado responsable informa a vicedirección da intención de levar a cabo unha actividade. Informarase coa maior antelación posible (meses) para evitar coincidencias con outras actividades e/ou exames. Indicarase data e lugar de realización e grupos participantes.

2. A vicedirectora, oído o Xefe de Estudos, publicará a actividade na listaxe de “Previsión de Actividades Complementarias/Extraescolares” situada no taboleiro do profesorado, para que este poida adaptar as súas clases. Do mesmo xeito, informarase ao profesorado a través do correo electrónico.

3. O profesorado responsable, máximo 4 días lectivos antes da actividade e para facer a xestións de transporte, entrega en vicedirección unha comunicación escrita que inclúa: Nome da actividade, lugar e data de celebración. Número estimado de alumnos/as, cursos e grupos ós que afecta esa actividade. Profesores/as acompañantes (a ratio mínima é de un profesor/a cada 20 alumnos/as, cun mínimo de dous profesores/as acompañantes).

4. O profesorado responsable porá unha copia no taboleiro do profesorado.

5. Vicedirección, a partir dos datos, elaborará os modelos de información e autorización para os pais/nais, nos que constará o prezo por alumno/a ou, de ser o caso, a súa gratuidade.

6. O profesorado responsable entregará os modelos de autorización, máximo 3 días lectivos antes da realización

desta.

7. O alumnado que vaia a realizar a actividade devolverá ao profesorado responsable as autorizacións debidamente cumprimentadas, como moito, 2 días lectivos antes da realización desta. Tamén se entregará, de ser o caso, o importe total que lle corresponde ao alumnado.

8. As autorizacións quedarán custodiadas por Vicedirección e o importe por Secretaría.

9. Vicedirección informará da actividade ao Servizo de Inspección Educativa.

10. A vicedirectora publicará no taboleiro do profesorado, como mais tardar o día anterior da actividade, a lista definitiva de participantes e alumnado que non participa.

Avaliación das actividades complementarias e extraescolares

- Ao remate de cada actividade complementaria e extraescolar debe realizarse unha avaliación da mesma.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

A principios de curso, o alumnado será informado do procedemento de recuperación das materias e módulos pendentes. Os departamentos, a través do profesorado que imparten as materias ou módulos en coordinación coa persoa que exerce a xefatura de dpto, serán os encargados de deseñar un plan de recuperación que figurará nas programacións didácticas e do que será informado o alumnado. Este plan recollerá, como mínimo o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. Ao inicio de curso, unha vez escoitados os membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica a xefatura de estudos elaborará un calendario de probas se fose necesario.

No caso de Bacharelato, a orde do 26 de maio de 2023, no seu artigo 11 indica entre outros aspectos o seguinte:

- O departamento didáctico programará actividades e/ou probas de avaliación para verificar ao longo das avaliacións a superación desas materias.

- O seguimento e a avaliación das materias pendentes será realizado polo profesorado con atribución docente na materia, elixido polo departamento didáctico. Nas materias de continuidade, será elixido, preferentemente, o profesorado que lle imparta a materia no segundo curso. No resto de materias, será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna ou do alumno por terlle impartido docencia no curso anterior ou por impartirlle docencia no curso actual.

- A avaliación final das materias pendentes terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

No caso da ESO, o plan de reforzo e recuperación de materias pendentes debe seguir as directrices recollidas no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Concretamos o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o alumnado teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte do alumnado.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.

g) Seguimento e avaliación.

h) Acreditación da información á familia.

No caso de Formación Profesional, a orde do 12 de xullo indica no seu artigo 39 o seguinte:

1. O informe de avaliación individualizado será elaborado polo titor ou a titora en colaboración co resto do equipo docente, e nel consignarase a información que resulte necesaria para a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

2. O informe de avaliación individualizado realizarase nos seguintes casos:

- para o alumnado que alcance a promoción de curso con módulos pendentes

- para o alumnado que non poida acceder á FCT por ter módulos pendentes/suspensos no réxime ordinario e o equipo docente así o decida

- para o alumnado que se traslade a outro centro sen ter rematado o curso

Incluirá, de ser o caso, as cualificacións parciais ou valoracións de aprendizaxe outorgadas ata ese momento ao alumno ou á alumna, as medidas tomadas de reforzo educativo ou de flexibilización na duración das ensinanzas, as validacións ou exencións concedidas, as actividades propostas para a recuperación de módulos, e cantos outros aspectos de índole educativa se consideren salientables.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Ao comezo de curso o departamento de orientación coordinará co equipo docente o deseño dos plans específicos de reforzo para o alumnado repetidor. O plan deberá conter, cando menos, o establecido no Artigo 52 da ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Artigo 52. Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado tutor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Resolución do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2025/26. Vigésimoprimeiro.

Alumnado repetidor de segundo curso de oferta ordinaria

1. O alumnado que cursara o segundo curso dun ciclo formativo no curso escolar 2024/25 e que teña pendente de superar algún módulo ou ámbito poderá continuar a súa formación polo plan de estudos a extinguir, e poderá asistir as sesións lectivas deste módulo ou ámbito. Para este alumnado, manterase a organización e a temporalización das avaliacións establecidas na Orden do 12 de xullo de 2011. Neste sentido, o alumnado que na sesión de avaliación previa á Formación en centros de traballo cumpra as condicións para a realización deste módulo poderá realizarlo nos períodos establecidos na Orde de 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. De ter pendente de superar o módulo de Formación e orientación laboral ou o módulo de Empresa e iniciativa emprendedora, poderá cursar os novos módulos profesionais Itinerario persoal para a empregabilidade I (IPE I) e Itinerario persoal para a empregabilidade II (IPE II). A calificación obtenida se consignará no expediente académico do alumnado e nos documentos oficiais de avaliación coa denominación e codificación dos módulos correspondentes do plan de estudos a extinguir: Formación e orientación laboral (FOL) e Empresa e iniciativa emprendedora (EIE). 3. De ter únicamente pendente o módulo de Formación en centros de traballo ou, no seu caso, o de Proxecto, poderá realizar nos períodos establecidos na Orde de 28 de febreiro de 2007. 4. Os módulos profesionais ou ámbitos superados con anterioridade conservarán a calificación previa.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A) Educación Secundaria Obrigatoria

I - Promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

3. Ademais dos casos anteriores, o equipo docente podederá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición. O Anexo IV está recollido no DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e nel reflíctese a distribución horaria de cada curso.

c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. Oído o equipo docente, en especial o profesorado que imparte as materias non superadas, así como unha valoración feita polo titor ou titora e departamento de orientación, procederase a unha votación que determinará a promoción do alumno ou alumna por maioría simple. Poderá exercer o seu voto o equipo docente que imparte clase ao alumno ou alumna e que emite cualificación. Emitirase un voto por cada materia; o profesorado que imparta varias terá tantos votos como materias.

4. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021. Este artigo recolle as características que debe ter o plan de reforzo:

Artigo 51. Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.

g) Seguimento e avaliación.

g) Acreditación da información á familia.

4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou

o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

6. Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021. Este artigo recolle as características que debe ter o plan específico personalizado:

Artigo 52.

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1. do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

II - Título de graduado en educación secundaria obrigatoria

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

2.1.- Excepcionalmente, o alumnado optará ao título da ESO con algunha materia suspensa sempre que cumpra as seguintes condicións:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas no perfil de saída. Enténdese que acada as competencias clave cando teña unha nota mínima de suficiente en cada competencia.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. Enténdese que o alumno ou alumna acada os obxectivos cando o equipo docente o valore positivamente por maioría simple. Poderán exercer o seu voto o equipo docente que imparte clase ao alumno ou alumna e que emite cualificación. Emitirase un voto por cada materia, o profesorado que imparta varias terá tantos votos como materias. Na toma de decisións da titulación non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.
4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias definidas no perfil de saída.
5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido no DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.
6. De conformidade co establecido no artigo 25.7 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria. Para a promoción e titulación en educación secundaria no alumnado con adaptación curricular terase en conta o disposto no punto 12 do Artigo 55 da ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: “Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirilles a promoción ou titulación.”

B) BACHARELATO

I- Avaliación

No 2º curso de Bacharelato establécese un período para a realización dos exames de avaliación en cada un dos trimestres (cun máximo de catro días). Realizaranse dous exames por día, un de 8:30h a 10h e outro de 11:30h a 13h, nas restantes sesións da xornada, o alumnado debe permanecer no centro, na aula onde se imparta a materia que lle corresponda por horario, co seu profesor/a.

II - Promoción

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.
2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.
3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.
4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade
5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo. O anexo III está recollido no DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso teñan avaliación negativa nalgúns materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursaren de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tiverse superado previamente.
7. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que unha alumna ou un alumno que cursase o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade ou vía poida pasar ao segundo curso nunha modalidade ou vía distinta, así como o cambio de materias.

III - Título de bacharel

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias clave correspondentes.
2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Para obter o título na convocatoria ordinaria o alumnado deberá ter superadas todas as materias dos dous cursos da modalidade do bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir, na convocatoria extraordinaria, a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que o alumna ou alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título. Enténdese que o alumno ou alumna acada os obxectivos e as competencias vinculadas ao título cando o equipo docente o valore positivamente por maioría simple. Poderán exercer o seu voto o equipo docente que imparte clase ao alumno ou alumna e que emite cualificación. Emitirase un voto por cada materia, o profesorado que imparta varias terá tantos votos como materias.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Enténdese como inasistencia non xustificada cando esta supere o 10% do cómputo total de horas establecidas para cada materia. Na listaxe que se mostra a continuación indícase o número máximo de faltas non xustificadas que podería ter para que se cumpra este apartado

Lingua castelá e literatura II - 10 sesións

Lingua estranxeira II: Inglés - 10 sesións

Lingua galega e literatura II - 10 sesións

Bioloxía - 13 sesións

Matemáticas II - 13 sesións

Psicoloxía - 13 sesións

Química - 13 sesións

Historia de España - 10 sesións

Relixión católica - 3 sesións

TIC II - 13 sesións

Tecnoloxía e enxeñaría II - 13 sesións

Física - 13 sesións

Historia da arte - 13 sesións

Historia da filosofía - 10 sesións

Latín II - 13 sesións

Grego II - 13 sesións

Matemáticas aplicadas ás CC.SS. II - 13 sesións

2ª Lingua estranxeira II: Francés - 13 sesións

Empresa e Deseño de modelos de negocio - 13 sesións

Xeografía - 13 sesións

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. O alumnado deberá presentarse a todas as probas ou as correspondentes recuperacións ou finais, incluídas as probas extraordinarias. A realización destas probas e actividades debe amosar que non houbo abandono na materia, mostrando certo grado de desempeño na mesma. Este apartado terase moi en conta en cada caso, especialmente cando a materia que non supere o alumnado sexa unha materia pendente de 1º bach.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

Resolución do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2025/26.

Decimonoveno. Sesións de avaliación nos graos D

1. Nos ciclos formativos de oferta ordinaria:

a) No primeiro curso, as sesións de avaliación serán as establecidas na Orde de 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial

b) No segundo curso, realizarse dúas sesións de avaliación parciais e unha sesión de avaliación final de módulos.

A segunda avaliación parcial terá lugar antes da fase de formación na empresa por parte do alumnado, e a sesión de avaliación final de módulos realizarase unha vez finalizado o período de formación na empresa de acordo coas datas establecidas na Orde de 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros

docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Na sesión de avaliación final de segundo curso da oferta ordinaria, o equipo docente realizará a proposta de título para o alumnado que obtivera calificación positiva en todos os módulos. Para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua nun determinado módulo de segundo curso, realizarase unha proba extraordinaria antes da segunda avaliación parcial e a calificación obtenida reflejarase na correspondente sesión de avaliación.

Vixésimo.

Vixésimo. Cualificación do alumnado que non realizase a formación na empresa

1. No caso do alumnado que non puidese realizar a fase de formación na empresa por circunstancias excepcionais recollidas na disposición décimo quinta ou por non cumprir o requisito de ter superado o número mínimo de horas establecido no punto 3.b).iii da disposición décimo cuarta desta resolución, na avaliación final a cualificación dos módulos expresarase como «Pendente da formación na empresa» (PF), seguido da cualificación obtida polo alumno ou a alumna no módulo profesional durante a fase de formación no centro educativo. Non será de aplicación nos primeiros cursos dos ciclos de oferta ordinaria e nos módulos en que a formación se realice totalmente no centro educativo.

2. A designación como «PF» non computará para os efectos de convocatoria consumida da fase de formación na empresa

3. As cualificacións nos módulos profesionais superiores a 5 acompañadas da abreviatura PF indicarán que se superou a fase de formación no centro e conservaranse á espera da realización ou superación da fase de formación na empresa para a súa cualificación final. No expediente académico do alumnado conservaranse as cualificacións que sexan iguais ou superiores a cinco puntos da fase de formación no centro, e teranse en conta para determinar a cualificación final do módulo profesional unha vez realizada a formación na empresa. Esta cualificación será recoñecida no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

MATRÍCULAS NA ESO

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios de desempate para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán os seguintes:

3.1.- Nota media de 4º curso maior ou igual a 9 puntos tal e como indica o apartado 1 do artigo 12 da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

3.2.- No caso de que varios alumnos ou alumnas teñan a mesma puntuación terase en conta a nota da etapa completa da ESO.

3.3.- No caso de persistir empate atenderase á nota de 3º ESO.

3.4.- No caso de seguir persistindo o empate entre as candidatas ou candidatos á matrícula de honra, recorreráse ao criterio de desempate na puntuación total atendendo ás letras do primeiro e segundo apelido, resultantes do sorteo da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos que estea en vigor no momento da concesión das matrículas.

MATRÍCULAS EN BACHARELATO

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Criterios de desempate na concesión de matrícula de honra:

1ª.- Nota media de 2º curso maior ou igual a 9 puntos tal e como indica o apartado 1 do artigo 18 da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

2ª.- No caso de que varios alumnos ou alumnas teñan a mesma puntuación terase en conta a nota do curso 1º bacharelato.

3ª.- No caso de seguir persistindo o empate entre as candidatas ou candidatos á matrícula de honra, recorreríase ao criterio de desempate na puntuación total atendendo ás letras do primeiro e segundo apelido, resultantes do sorteo da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos que estea en vigor no momento da concesión das matrículas.

MATRÍCULA NOS CICLOS FORMATIVOS

Según o establecido na resolución do 1 de xullo de 2025 pola que ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional no curso 2025-26, os alumnos e as alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna. O número de matrículas de honra que se poderán conceder en cada centro por cada grupo de alumnos/as matriculados/as con opción a titular nun determinado ciclo formativo no curso académico será como máximo de dúas. Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados/as con opción a titular no ciclo formativo no curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra. Para estes efectos, e dado que o alumnado pode titular en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só se poderá realizar no mes de xuño, logo de realizada a avaliación final de módulos correspondentes. No caso de que o alumnado beneficiario rematase o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

Considérase matrícula de honra nos ciclos formativos cando cumpla os resguintes requisitos

-9 ou superior de media no ciclo formativo.

-Máx. 2 por ciclo. Se o curso é inferior a 20 alumnos, só 1.

- As matrículas de honra concederanse no mes de xuño ou dependendo da temporalización de cada ciclo e tendo en conta tamén ao alumnado que concluíra o ciclo noutro mes do curso.

- No caso de que varios alumnos ou alumnas teñan a mesma puntuación terase en conta a nota do curso 1º do ciclo.

No caso de seguir persistindo o empate entre os/as candidatos/as á matrícula de honra, recorreríase ao criterio de desempate na puntuación total atendendo ás letras do primeiro e segundo apelido, resultantes do sorteo da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que estea en vigor no momento da concesión das matrículas.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas dos departamentos incluírán os apartados previstos na normativa e aplicacións vixentes. O alumnado e as familias deben ser coñecedores dos apartados fundamentais das programacións didácticas.

Difusión:

Este curso, 2025-2026 as programacións didácticas serán elaboradas a través da web PROENS, serán de acceso público a través da citada web. Unha vez que accedemos a esta dirección web <https://www.edu.xunta.gal/proens/PaxinalInicio.action> no menú da esquerda débese pulsar en acceso público, elixir o centro, no noso caso o código é 15003224, e a partires de aí seleccionar a ensinanza e materia da que se desexe consultar a PD. No caso de ciclos LOE, con currículos anteriores a Lei 3/2022 como é o caso do Dual Intensivo de Soldadura as programacións estarán aloxadas na web do centro na pestana PROGRAMACIÓNS á disposición de la comunidade educativa.

Igualmente pódese consultar este documento de concrecións curriculares. Unha vez aprobado en claustro, informarase a familias e responsables de como acceder ás Programacións didácticas.

Avaliación:

O profesorado da materia, coordinado polo xefe ou xefa de departamento, fará unha avaliación da programación didáctica ao longo do curso, sobre todo ao fnalizar.

O profesorado, a comezo de curso ou despois de calquera cambio informará ao alumnado dos elementos principais da programación entre os que deben figurar como mínimo instrumentos, procedementos e criterios de cualificación e recuperación.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Durante o desenvolvemento dos cursos académicos vanse detectando necesidades que para intentar solventar se pretenderán incluír en algún plan ou proxecto que promovan acadar as competencias nas que se detectaron esas necesidades. Solicitamos a participación no proxecto PIE en dúas das súas catro modalidades, reforzo da inclusión educativa e mellora da convivencia buscando acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa. A través destes programas tamén se fomenta a innovación educativa.

É convinte seguir participando en programas ou plans que fomenten a igualdade, a inclusión, o coidado do medio ambiente, o uso axeitado de internet e sobre todo das redes sociais e calquera outro programa ou proxecto que se considere oportuno para traballar as competencias clave ou os temas transversais.

No 2º claustro do curso, así como na 1ª CCP dinamízanse estes programas convidando ao profesorado do claustro a participar no Innova-Lab, no Plan Proxecta, no PFPP, no club de ciencia ,club de lectura,na radio na biblioteca, Eduemprende, Iniciación segura á pegada dixital, "Que non te lien, ti elixes" e en todos aqueles proxectos ou plans que poidan xurdir ao longo do curso.

Igualmente según as necesidades detectadas no profesorado créanse as liñas de actuación do PFPP anotándose o profesorado según as súas inquiredanzas.

Ao longo do curso a Consellería publica a miúdo proxectos ou plans para que os soliciten os centros educativos. No IES Fernando Blanco intentárase solicitar todos os proxectos e plans que se desenvolverán nas diferentes ensinanzas según a convocatoria e as necesidades do alumnado, sempre en colaboración co departamento de orientación e demais coordinacións.

Os diferentes departamentos ou profesorado do centro pode propoñer a participación dalgún plan que considere axeitado á dirección do centro que fará as dilixencias necesarias para a súa participación.

No caso de que sexa necesario serán aprobados ou informado o claustro e consello escolar.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A revisión dos aspectos contemplados na concreción curricular poderá levarse a cabo sempre que así o consideren os órganos competentes para iso : A través das CCPs , do Claustro ou do Consello Escolar . Igualmente , deberá revisarse aqueles aspectos da concreción currícular que se vexan afectados por novos cambios de normativa educativa , tanto a nivel Leis , Decretos , ou incluso Circulares de Funcionamento , si é o caso. A inspección educativa poderá revisar aspectos que non están debidamente tratados e farallo chegar á dirección do centro para o seu traslado ós organos competentes. Calquera modificación de aspectos contemplados na concreción curricular deberán ser presentados ante o Claustro , para a súa aprobación. A avaliación da Concreción Curricular farase a final de curso , na última CCP do mes de xuño e a posteriori , no último Claustro do mes de xuño. Calquera observacion sobre aspectos que non estiveran correcta ou claramente contemplados na Concreción Curricular deberán anotarse para a súa modificación nos primeiros meses do curso seguinte .

o) Outros apartados

1. Normas para o desenvolvemento das probas finais e extraordinarias de bacharelato

Distribuídos os exames, o alumnado permanecerá na aula 30 min, tempo no que se poderá entrar no exame.O tempo da proba transcurriu igualmente para este alumnado.Transcorridos os 30 min,o alumnado que desexe abandonar a aula sen realizar a proba entregará o exame.O uso dos dispositivos móbiles está prohibido no centro pero aínda así, convén sinalar a gravidade do seu uso nunha proba ou exame.O alumnado non poderá acceder á aula con teléfono móbil, reloxo ou calquera outro dispositivo electrónico activados. De darse o caso, poderá ser obxecto de medida disciplinaria e anulación da proba.Tampouco poderá utilizar ningún dispositivo de escoita non autorizado e deberá manter desexados os pavillóns auditivos para comprobación, sen molestias, de que non leva os dispositivos non autorizados.

2. Tutorías

Como concreción de centro establécense cotitorías nos grupos da ESO e FPBásica que sexan moi numerosos e con moito alumnado NEAE. Este curso tanto o grupo de 3º ESO coma o 1º curso de FPBásica de automoción contan con titor e cotitora. Esta profesora acompaña ao titor na responsabilidade de tutelar o grupo, atención a familias, atención a alumnado en relación a coidado do benestar, colaboración co departamento de orientación, etc.

Por outra parte, semanalmente a orientadora e a PT fan unha reunión cos tutores/as de 1º e 2º da ESO e outra cos tutores/as de 3º e 4º da ESO. No caso de FPBásica a reunión de 1º e 2º coa orientadora faise por familias profesionais.